



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO

##### Anuncio

##### INFORMACIÓN PÚBLICA

**CLAVE: DH.V27.76829**

PREBETONG ÁRIDOS, S.L.U., de conformidade co artigo 245 do Regulamento do dominio público hidráulico, solicita autorización para o vertido dun caudal máximo de 287.682,62 m<sup>3</sup>/ano de augas residuais industriais e de escurrega depuradas a un afluente innominado do rego Guillán (cunca da ría de Viveiro) e dun caudal máximo de 152 m<sup>3</sup>/ano de augas residuais fecais depuradas por infiltración no terreo procedentes da explotación mineira Abilleira N°113 localizada no lugar de Grande Abilleira - A Rigueira (t.m. Xove).

As augas residuais industriais de escurrega xeradas nas instalacións xestiónanse do seguinte xeito:

As augas residuais industriais de escurrega xeradas na zona de extracción recóllense na balsa intermedia A de 210 x 20 m<sup>2</sup> de superficie e 3 m de profundidade, localizada no oco da canteira.

As augas residuais industriais de escurrega xeradas na zona de instalacións (na que se localizan a planta de tratamento de áridos, unha planta de formigón e outra de aglomerado) e as augas residuais industriais correspondentes ás perdas do sistema de lavado, son recollidas en dúas balsas intermedias, B e C, dispostas en serie, de 72 x 8 m<sup>2</sup> e 20 x 8 m<sup>2</sup> de superficie, respectivamente, ambas de 3 m de profundidade.

O efluente da balsa intermedia C condúcese mediante cuneta á balsa de decantación final, situada no banco máis profundo da canteira, de 35 x 35 m<sup>2</sup> de superficie e 8 m de profundidade, e que tamén recibe as augas residuais industriais de escurrega xeradas na zona sueste da zona de instalacións, así como o eventual rebouse da balsa intermedia A, que dá servizo á zona de extracción.

Ademais, existe outra balsa intermedia (D), de 6 x 6 m<sup>2</sup> de superficie e 3 m de profundidade, que recibe parte das augas residuais industriais de escurrega xeradas na parte leste da zona de instalacións, antes de conducilas á balsa de decantación final.

O efluente da balsa de decantación final vértese no punto de coordenadas UTM (ETRS89): X=617.181; Y=4.836.574; incorporándose a un afluente innominado do río Guillán (cunca da ría de Viveiro) no punto de coordenadas UTM (ETRS89): X=617.200; Y=4.836.615. O vertido efectuarase en fervenza mediante pedras de coeira, para disipar a súa enerxía cinética.

As augas residuais fecais xeradas no edificio de oficina-vestiarios son tratadas nunha fosa séptica de decantación-dixestión con prefiltro en PRFV deseñada para 12 habitantes equivalentes de 2.200 L de capacidade constituída por dous compartimentos, de 1,23 m de diámetro e 1,97 m de lonxitude. As augas residuais fecais depuradas vértense por infiltración no terreo (cunca da ría de Viveiro) mediante condución de PVC de 110 mm de diámetro e 3 m de lonxitude en zanja filtrante de 375 m<sup>2</sup> de superficie e 6 m de espesor, no punto de coordenadas UTM (ETRS89): X=617.133; Y=4.836.390.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de TRINTA (30) DÍAS, contados a partir do seguinte día á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas da entidade Augas de Galicia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade sitas na praza Camilo Díaz Baliño de Santiago de Compostela, e no Servizo Territorial Norte de Augas de Galicia sito no Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Monelos, na rúa Vicente Ferrer, núm.2 - 9º andar da Coruña, onde se atopa exposto o proxecto para que poida ser examinado por quen desexe.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2021.- Xefa da Área de Vertidos - Leticia Valladares López.

R. 1370

**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**  
**SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS**

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

.- A PONTENOVA.- CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES (CAM) DE A PONTENOVA (EX016OB20AB)

EXPTE GTM: 2020/CON\_01/000063

.- CERVANTES.- MELLORAS LOCAIS NA LU-P-1401 "DA LU-723, POR DEGRADA E PIORNEDO, AO LÍMITE PROVINCIAL" NOS P.K. 12+060, 13+150, 13+700, 16+700, 17+100, 17+800, 17+950 E 19+100 (EX002OB21AB)

EXPTE GTM: 2021/CON\_02/000007

.- MONFORTE DE LEMOS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3202 "MONFORTE-CURRELOS (LU-611)", P.K. 6+920 A 10+400 (EX004OB21AB)

EXPTE GTM: 2021/CON\_02/000026

.- BÓVEDA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0907 "TEILÁN (LU-611)-LÍMITE MUNICIPAL (LU-P-4204)", P.K. 3+370 A 6+077. (EX005OB21AB)

EXPTE GTM: 2021/CON\_02/000029

ANTAS DE ULLA.- MELLORA DA SEGURIDADE VIAL E ZONA DE ESTACIONAMENTO DA ÁREA DE DESCANSO NA LU-P-0301 "ANTAS DE ULLA (LU-P-1809) - LÍMITE PROVINCIA PONTEVEDRA (RODEIRO)", P.K. 3+490 A 3+700 (EX003OB21AB)

EXPTE GTM: 2021/CON\_02/000006

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 14 de maio de 2021.- O PRESIDENTE, JOSÉ TOMÉ ROCA, por decreto de data 26-07-2019. O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 1413

**CONCELLOS**

**BARALLA**

*Anuncio*

No pleno do concello de Baralla, en sesión ordinaria de data 25 de marzo de 2021, aprobáronse as Bases reguladoras das axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal de Baralla, para paliar os efectos do Covid-19, procedendo á su convocatoria.

**BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA AS MICROEMPRESAS E PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS DO TERMO MUNICIPAL DE BARALLA, AFECTADAS POLA CRISE DA COVID-19.**

**1.- OBXECTO DA PRESENTE CONVOCATORIA**

A situación xerada pola evolución da COVID-19 obrigou ás autoridades públicas a xestionar a crise sanitaria establecendo medidas para protexer a saúde e a seguridade que implicaron unha grave crise económica que continúa a día de hoxe, motivo polo cal se precisa impulsar a actividade económica no termo municipal de Baralla, outorgando liquidez ás microempresas e ás persoas traballadoras autónomas e os seus negocios para que estes poidan sobrevivir.

O obxecto de esta convocatoria é articular unha liña de axudas, ás microempresas e ás persoas traballadoras autónomas, intentando compensar parcialmente as perdas que sofren, así como o mantemento desde o Concello da actividade económica e protección do emprego no termo municipal de Baralla.

Quedarán exceptuados de estas axudas ás microempresas e ás persoas traballadoras autónomas pertencentes aos sectores da hostalería e restauración, dado que estes vansen a ver beneficiados por outra liña de axudas.

O papel dos concellos nesta crise económica e de emprego que estamos vivindo é clave. A Administración do Estado e a Autonómica proporcionan recursos estándares que unicamente os concellos poden ensamblar e adaptar á súa realidade local particular, exercendo as súas competencias en materia de desenvolvemento económico local e emprego, así como a concesión de axudas por mor de acontecementos e situacións que supoñan perigo e necesidade.

Considérase que os concellos poderán aprobar axudas respecto a materias que aínda que non sexan competencias propias ou delegadas, estean motivadas cos feitos xustificativos do estado de alarma e teñan como prioridade limitar na medida do posible os efectos da crise provocada pola pandemia, sempre que non se poña en risco a sustentabilidade da facenda municipal.

Ese rol que cumpren os concellos, lonxe de invadir competencias ou producir duplicidade algunha, fan posible tamén a efectividade da dimensión local do emprego que apunta tanto a Lei Nacional de Emprego (art. 4, R.D.L. 3/2015), como a Comisión Europea, que no seu documento de Actuación local a favor do emprego para unha estratexia europea do emprego define o ámbito local como aquel nivel que permite detectar as necesidades locais non satisfeitas polo que lonxe de ser un ámbito no que unicamente se poñan en práctica decisións adoptadas noutros ámbitos pode combinar diferentes instrumentos e desenvolver formas de dar valor engadido ás decisións tomadas en niveis superiores acadando un máis axeitado nivel de precisión en cada territorio.

## **2.- NORMATIVA APLICABLE.**

1.- As presentes bases e convocatoria rexeranse, con carácter xeral, no non previsto nas mesmas, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), na Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2.- Así mesmo, están sometidas ao réxime de minimis, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

3.- A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

## **3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A contía destinada a atender a estas subvencións ascende a un importe total de 13.000 € do vixente orzamento municipal, con cargo á aplicación orzamentaria 241.479.

Este crédito, por depender dun expediente de modificación orzamentaria, queda condicionado á efectiva dispoñibilidade do mesmo antes de proceder á concesión das axudas polos importes correspondentes.

Así mesmo, no caso de que finalizado o prazo de solicitude se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dabondo a contía inicialmente consignada, poderase ampliar o crédito.

## **4.- CONTÍA DAS AXUDAS**

Concederase unha contía fixa de 500 € ás microempresas e ás persoas traballadoras autónomas cando acrediten unha baixada da súa facturación cando menos do 45% no ano 2020 comparado coa facturación de todo o ano 2019.

A acreditación deste requisito realizarase mediante a comparación entre a facturación, realizada no ano 2019 e o 2020, declarada ante a Axencia Estatal Tributaria (modelo 390).

Se o solicitante non estivese obrigado á presentación do modelo 390, presentarase unha certificación ou informe da Axencia Estatal Tributaria no que conste o resumo da facturación anual por IVE dos anos 2019 e 2020.

## **5.- REQUISITOS PARA SER PERSOA OU EMPRESA BENEFICIARIA.**

1.- Poderán solicitar esta subvención as persoas físicas autónomas e persoas xurídicas, así como comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades sen personalidade xurídica, exceptuando en calquera caso, as pertencentes aos sectores da hostalería e restauración, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha microempresa o persoa traballador autónoma con domicilio fiscal no termo municipal de Baralla.

b) Que sufriran unha redución na súa facturación cando menos do 45% no ano 2020 comparado coa facturación de todo o 2019.

d) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social e en Facenda no momento da presentación da instancia.

e) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en particular, non ter débedas coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS).

f) Non ter débeda algunha pendente co Concello de Baralla.

Poderá eximirse dos requisitos de estar ao corrente das obrigas tributarias e de non ter débedas co Concello de Baralla no momento da solicitude da axuda, sempre que a débeda non supere o 80% da axuda solicitada e se comprometa a saldarlla no prazo de 15 días naturais desde a recepción da axuda.

## 6.- CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCIONES

Dado o carácter de complementarias das axudas reguladas pola presente convocatoria, a súa concesión será compatible coas que se puideran obter de calquera outra Administración Pública.

## 7.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.- O modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal [www.concellodebaralla.es](http://www.concellodebaralla.es) e nas oficinas municipais.

2.- As solicitudes, poderán presentarse no rexistro xeral do Concello de Baralla no modelo normalizado sinalado no parágrafo anterior ou ben por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Baralla accesible a través do enlace <https://baralla.sedelectronica.es>.

3.- O prazo de presentación de solicitudes será de 1 mes a contar a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

4.- A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido será causa de inadmisión da solicitude.

A non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, será defecto subsanable no prazo que a tales efectos se conceda.

## 8.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

1.- A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

a) DNI ou NIE acompañado de pasaporte no caso de autónomos.

No caso de pequenas empresas xuntarse copia do DNI do administrador ou apoderado e do CIF da persoa xurídica solicitante.

b) Copia de escritura da entidade mercantil ou contrato de constitución da entidade sen personalidade xurídica. As entidades sen personalidade xurídica deberán achegar

declaración asinada polos comeneiros ou socios conforme delegan a representación para solicitar a subvención e no seu caso, recibila un dos comeneiros ou socio.

c) Certificado actualizado de situación censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, ou domicilio fiscal ou no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.

d) Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

e) Certificado do número de conta bancaria emitido pola entidade financeira para o ingreso da subvención.

f) Declaración xurada asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

-Que a súa facturación no ano 2020 sufrira unha redución, cando menos do 45% comparado coa facturación de todo o ano 2019.

- Que se compromete a manter a actividade durante o período de 3 meses como mínimo a partir do día seguinte a data de concesión da axuda económica.

- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.

- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

- Que, no caso de non estar ao corrente das obrigas tributarias e de ter débedas co Concello de Baralla no momento da solicitude da axuda, e sempre que a débeda non supere o 80% da axuda solicitada, se comprometa a saldar as débedas no prazo de 15 días naturais desde a recepción da axuda e unha vez satisfeita a débeda o comunicará.

g) Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS) ou autorización para que o Concello poida consultar os datos.

h) Declaración do IVE dos anos 2019 e 2020 ante a Axencia Estatal Tributaria.

i) Designación dunha dirección de correo electrónico habilitado no que efectuar as notificacións derivadas da presente convocatoria.

## 9.- PROCEDEMENTO E INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO

1.- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, establecéndose como criterio de valoración a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria.

A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender as mesmas nese momento de acordo co disposto no punto 3 da convocatoria.

2.- A instrución do procedemento corresponderá ao Servizo Municipal de Emprego e Desenvolvemento Local, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

3.-O Servizo Municipal de Emprego e Desenvolvemento Local comprobará, pola súa orde cronolóxica de presentación, as solicitudes recibidas.

Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, ata esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente.

4.- Previamente a elaborar a proposta, publicaranse, a efectos de notificación na paxina web municipal, as seguintes listaxes:

a) Persoas solicitantes propostas como beneficiarias por presentar a súa solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria antes de esgotarse o crédito inicialmente dispoñible destinado a atender estas axudas.

b) Persoas solicitantes que non cumpren os requisitos establecidos na convocatoria quedando a súa solicitude desestimada.

c) Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida na convocatoria, con indicación da documentación requirida. A estas, outorgaráselles un prazo de 5 días hábiles para que emenden a súa solicitude e presentes a documentación requirida.

5.-Transcorrido o prazo establecido para alegar e emendar as solicitudes requiridas e adoptadas as medidas precisas, o Servizo Municipal de Emprego e Desenvolvemento Local, elevará a proposta de acordo ao órgano competente e procederase á súa posterior publicación na paxina web municipal. A resolución de concesión e/ou denegación corresponderá ao Alcalde- Presidente.

6.- O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de dous meses a contar do seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Porá fin á vía administrativa, podéndose interpor contra ela recurso potestativo de reposición no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que dite a resolución ou ben recorrer directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo na forma e prazos previstos na lei reguladora da devandita xurisdición.

## 10.- OBRIGAS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

Son obrigas dos beneficiarios das axudas:

a) Manter a actividade empresarial durante 3 meses como mínimo, a partir do día seguinte a data de concesión da axuda económica.

b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións a exercer pola Intervención xeral municipal.

c) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

d) Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

e) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.

### 11.- XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

1.- O control das obrigas esixidas no punto anterior desta convocatoria efectuarase mediante a comprobación de oficio polo Servizo Municipal de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Baralla.

2.- A persoa ou entidade beneficiaria das axudas deberá presentar no cuarto mes a contar a partir do día seguinte ó da publicación da concesión da subvención:

- Certificado actualizado de situación censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, ou domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.
- Resolución/ certificación do alta no Réxime correspondente da Seguridade Social actualizado á data de presentación da xustificación.

### 12.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

1.- O pagamento destas subvencións realizarase a partir da concesión das mesmas, nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

2.- En caso de incumprimento das obrigas, no seu caso, detalladas nesta convocatoria, o Servizo xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

### 13.- REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS

1.- O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexerese polo disposto no título II da LXS e polo título III do RLXS.

2.- Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LXS, darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Se a persoa beneficiaria incumpre a obriga de manter a actividade empresarial durante o prazo mínimo dos 3 meses establecidos no punto 10 das presentes bases, procederá o reintegro do importe da subvención por este concepto.

3.- Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigacións establecidas con motivo da concesión de lle subvención, a persoa ou empresa beneficiaria poderán comunicar ao órgano xestor por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida. Para iso, deberá poñerse en contacto co Servizo Xestor aos efectos dos trámites a seguir. Así mesmo, calcularanse os intereses de demora ata o momento no que se produza a devolución efectiva pola súa banda.

Baralla 15 de marzo de 2021.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

| <b>DATOS DO SOLICITANTE</b>  |             |
|--|-------------|
| <b>APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL:</b>  |             |
| <b>NIF/NIE/CIF:</b>  |             |
| <b>ENDEREZO COMPLETO:</b>  |             |
| <b>TELÉFONO DE CONTACTO:</b>   | <b>FAX:</b> |
| <b>Email:</b>  |             |
| <b>DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL ( no caso das persoa xurídicas)</b>                            |             |
| <b>NOME A APELIDOS:</b>  |             |
| <b>NIF/NIE:</b>  |             |
| <b>DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN ( soamente no caso de non coincidir cos do solicitante)</b> |             |
| <b>ENDEREZO COMPLETO:</b>  |             |
| <b>TELÉFONO DE CONTACTO:</b>   | <b>FAX:</b> |
| <b>Email:</b>  |             |

Acepto expresamente que todas as comunicacións, requirimentos e notificacións que realice o Concello, se realicen, de ser o caso, de xeito adicional á publicación das anteriores na páxina web e no taboleiro de edictos electrónico do Concello, mediante o seu envío á dirección de correo electrónico indicada nesta solicitude.

**EXPÓN**

Que, vistas as **“BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA AS MICROEMPRESAS E PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS DO TERMO MUNICIPAL DE BARALLA, AFECTADAS POLA CRISE DA COVID-19**, considerando reunir os requisitos esixidos, segundo amosan os documentos que se achegan, e coa expresa aceptación de todos os termos da convocatoria, declara coñecer todas as obrigas como beneficiaria/o (artigo 14 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións).

**SOLICITA**

**A concesión dunha subvención ao abeiro das bases reguladoras das axudas convocadas ao efecto polo Concello de Baralla.**

Baralla, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

Asdo.:

(O interesado ou representante legal)

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** De conformidade co establecido na normativa de protección de datos persoais, informámoslle que os datos persoais que nos facilite, almacenaranse e tratarán coa finalidade de participar en procesos de selección e avaliación de persoal. A tales efectos, Vd. expresamente consente e autoriza á realización de cantas probas de carácter profesional, sociolóxico, psicolóxico e de aptitude sexan precisas para a determinación do seu perfil profesional. Estes datos, solicítanse en base ao seu consentimento, necesario para poder ostentar a condición de candidato. Devandito consentimento entenderase prestado en tanto non comunique por escrito a revogación do mesmo. Informámoslle que conservaremos os seus datos durante un prazo máximo de dous anos. Así mesmo, comunicámoslle que o responsable do tratamento e destinatarios da información é o CONCELLO DE BARALLA, onde poidan xurdir vacantes que se axusten ao seu perfil. Pode contactar co responsable do tratamento, para solicitar máis información sobre o tratamento dos seus datos, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos, limitación e oposición e revogación do consentimento, en R/Evaristo Correa Calderón, 48. 27680. Baralla. LUGO ou a través do correo [dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org](mailto:dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org)



| <b>DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE</b>  |
|--|
| - <b>DNI ou NIE acompañado de pasaporte, no caso de autónomos.<br/>No caso de pequenas empresas xuntarase copia do DNI do administrador ou apoderado e do CIF da persoa xurídica solicitante.</b>  |
| - <b>Copia de escritura da entidade mercantil ou contrato privado da entidade sen personalidade xurídica. As entidades sen personalidade xurídica deberan achegar declaración asinada polos comeneiros ou socios conforme delegan a representación para solicitar a subvención e no seu caso, recibila nun dos comeneiros ou socio.</b>  |
| - <b>Certificado actualizado de Situación Censal que indique a/s actividade/s económica/s coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade/s</b>  |
| - <b>Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.</b>   |
| - <b>Certificado do código de conta bancaria do solicitante</b>  |
| - <b>Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e fronte á Seguridade Social (TGSS)</b>  |
| - <b>Autorización para a consulta do informe de vida laboral, asinado pola persoa interesada ou representante legal da persoa ou entidade solicitante.</b>   |
| - <b>Declaración do IVE do 2019 e 2020 (modelo 390) ante a Axencia Estatal Tributaria</b>  |
| - <b>Declaración xurada asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante: Anexo II</b>   |
| <p>O abaixo asinante, presenta esta solicitude, perante o Concello de Baralla, asumindo a totalidade da regulación aplicable á presente convocatoria con todas as obrigas que da mesma se deriven, o tempo que declara, a veracidade dos datos nela citados.</p> <p>No nome da entidade solicitante e como representante da mesma, acepto a subvención no caso de ser concedida e nos termos nos que se conceda.</p> <p>Baralla, ..... de .....de 2021</p> <p>Asdo.:<br/>(O interesado ou representante legal)</p> |

## ANEXO II DECLARACIÓN RESPONSABLE

**AXUDAS PARA AS MICROEMPRESAS E PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS DO TERMO MUNICIPAL DE BARALLA, AFECTADAS POLA CRISE DA COVID-19**

D. / Dna.: \_\_\_\_\_

con NIF/NIE nº: \_\_\_\_\_

en calidade de solicitante ou representante legal (no caso de persoa xurídica) de \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ (indique o nome da persoa física ou xurídica beneficiaria), na presente convocatoria de axudas económicas do Concello de Baralla**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

- ✓ Que a súa facturación no ano 2020 sufriu unha redución dun mínimo do 45% respecto á facturación de todo o ano 2019.
- ✓ Que se compromete a manter a actividade durante o período mínimo de tres meses dende a data de concesión da axuda económica.
